

CLIMA EN GALICIA

En Galicia predomina o **clima** , que se caracteriza por temperaturas e precipitacións durante todo o ano. Isto débese á proximidade do , que suaviza as temperaturas e é portador de ventos cargados de humidade que xeran .

Este clima oceánico presenta tres variedades: **oceánico litoral, de interior e de montaña.**

UNE CADA TERMO COA SÚA ZONA NO MAPA DE GALICIA

Clima oceánico litoral

- Localízase no litoral e no prelitoral.
- As temperaturas son suaves e chove intensamente durante todo o ano.
- A vexetación está composta por eucaliptos, piñeiros, castiñeiros e arbustos propios de landas.

Clima oceánico interior

- Dáse nas chairas e depresións do interior.
- As precipitacións diminúen e os invernos son máis fríos e os veráns máis calorosos.
- A vexetación natural quedou substituída, na súa maioría, por pastos e terras de cultivo, aínda que é posible atopar carballos e faias.

Clima oceánico de montaña

- Aparece nas serras máis elevadas.
- Os invernos son fríos e os veráns frescos. As precipitacións son moi abundantes con nevadas.
- A vexetación varía segundo a altitude. Nas zonas baixas hai bosques de aciñeiras; en altura media, bosques de carballos e castiñeiros, e máis arriba, bidueiros e piñeiros silvestres.

